



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra


Xaneiro 2024 • Nº 285

XANEIRO

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

CALENDARIO

■ Cada casa de Vedra debe recibir un calendario municipal, se non é así podes achegarte polo concello ou chama ao 981 814 612 para solicitalo.



XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES.

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.
- Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA O TERCEIRO MARTES DE CADA MES ...EN XANEIRO SERÁ O MARTES 16

■ Vedra oferta este servizo mensual de información de catastro.

IMPRESINDIBLE RESERVAR CITA no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h.).

MOI IMPORTANTE: SÓ SE DARÁN CITAS PARA ASUNTOS RELACIONADOS CON BENS CATASTRAIS DENTRO DO TERMO MUNICIPAL.

SERVIZOS PARA A RECICLAXE

■ Vedra pon as seguintes ferramentas a disposición veciñal.

PUNTO LIMPO:

Aberto os martes e sábados nos seguintes horarios:

- Martes: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Sábados: de 9:00 a 14:00 horas.

(XA NON É PRECISO SOLICITAR CITA PREVIA)

SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:

O concello conta cun servizo de recollida de voluminosos a domicilio, para facerse cargo deses refugalllos que non tes maneira de trasladar ao punto limpo. Só tes que chamar ao 981 814 612 e solicitar a recollida!!



Mercadiño de Troco e Artesanía, na Estación.



Un dos obradoiros dentro do Mercadiño de Nadal.



Festival de Nadal de Judo, IX Trofeo de Judo Kumi Kata, no Pavillón Municipal de Vedra con 400 judocas.



Olimpiadas en Patíns coa participación da Escola Municipal de Vedra de patinaxe.



Entrega de diplomas de participación no voluntariado interxeracional.



Acollida da visita do alumnado da USC de Educación Social e do máster de Investigación en educación, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario.



Curso de iniciación á xestión administrativa de asociacións no Centro de Emprendemento A Estación.



Baile merenda de nadal e fin de curso da terceira idade.



Bingo de Nadal, no Centro Social de Vedra.



Festival de Corais da Terceira Idade no Centro Socio Cultural de Vedra.



Entrega de diplomas do Programa Camiños de Coñecemento da USC.



Visita ao CPI de Vedra con motivo do Premio de Literatura Simbad, organizado por AGADEA.



Exposición do CRA Boqueixón Vedra Neira Vilas inspirada nos poemas de Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas.



Concerto de nadal organizado pola Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.



Festival de Nadal da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra.



Escola Ambiental Amabul, polo nadal.



Unha das audicións en familias coa Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra.



Xuntanza de nadal do Programa de Inclusión Social: Vedra Inclúe – Habilitas

CAMPAÑA MICROCHYPEADO E ESTERILIZACIÓN ANIMAIS DE COMPAÑÍA

■ **Campaña de esterilización e castración de cans e gatos**, dende o 1 decembro todas as persoas empadroadas en Vedra poderán beneficiarse dun desconto nestas operacións nas dúas clínicas veterinarias de Teo que colaboran co concello. O pago farase directamente na clínica e irá en función do tipo de animal, peso, etc. Antes da inscrición facilitarase toda a información ao respecto no concello.

■ **Sábado 20 de xaneiro de 2024 en horario de tarde**: xornada de microchipeado de cans e gatos no local municipal que determinaremos en datas previas á xornada. O prezo que se pagará directamente aos servizos veterinarios será de 25 euros por chip.


As inscricións para o microchipeado estarán abertas durante todo o mes de decembro e ata o 12 de xaneiro. No caso dun gran volume de solicitudes valorarase realizar máis xornadas en datas posteriores.

As inscricións para as operacións estará aberta dende o 1 de decembro ata que se comunique que finaliza a campaña.

Para inscribirse en calquera das dúas accións ou para obter información poden contactar a través do correo electrónico: vanessa.crespo@concellovedra.gal ou chamar ou 881 074 404

CAMPAÑA DE MICROCHYPEADO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA

XORNADA DE MICROCHYPEADO DE CANS E GATOS
DATA: SÁBADO 20 DE XANEIRO DE 2024 (POLA TARDE)
LUGAR: EXTERIORES DA CASA DO CONCELLO
PREZO: 25 EUROS
ABERTA INSCRICIÓN ATA O 12 DE XANEIRO



LEMBRA: O MICROCHYPEADO DE CANS E GATOS É OBRIGATORIO, NON FACELO PODE CONLEVAR IMPORTANTES SANCIONÍS E SUPÖNER QUE NO CASO DE PERDA DA TÚA MASCOTA NON A PÓIDAS RECUPERAR POR NON PODER LOCALIZARTE

INSCRICIÓN: VANESSA.CRESPO@CONCELLOVEDRA.GAL OU 881 074 404

ORGANIZA:  COLABORA: 

CAMPAÑA DE ESTERILIZACIÓN ANIMAIS DE COMPAÑÍA

TODAS AS PERSOAS EMPADROADAS EN VEDRA TERÁN UN DESCONTO NAS OPERACIÓNS DE CASTRACIÓN E ESTERILIZACIÓN DAS SÚAS MASCOTAS NAS DÚAS CLÍNICAS DE TEO COLABORADORAS NESTA CAMPAÑA



LEMBRA AS TÚAS OBRIGAS:
EVITAR A REPRODUCCIÓN INCONTROLADA DE CANS E GATOS
ESTERILIZACIÓN DE TODOS OS GATOS ANTES DOS 6 MESES

AXÚDANOS A EVITAR ABANDONOS E AXÚDALLES A TER UNHA VIDA MÁIS SEGURA

(LEI 7/2023 DE PROTECCIÓN DOS DEREITOS E BENESTAR DOS ANIMAIS)

PAZO: DO 1 DE DECEMBRO DE 2023 AO 1 DE XUÑO DE 2024
PARA INSCRICIÓN E INFORMACIÓN SOBRE A CAMPAÑA E PREZOS:
VANESSA.CRESPO@CONCELLOVEDRA.GAL OU 881 074 404

ORGANIZA: 

ACHÉGASE O ENTROIDO A VEDRA!!

■ **Axenda dos Entroidos en Vedra...**

En Vilanova: o 3 de febreiro

En San Xián: o 17 de febreiro

Moita atención, nas redes sociais toda a información!!



ALFABETIZACIÓN DIXITAL

■ Queres poñerte ao día no mundo dixital?

Propoñemos cursos básicos que che permitirán manexarte nas app máis empregadas na vida cotiá.

Datas:

- Os luns ás 10:00 horas.
- Os luns ás 17:30 horas.

Prezo: 10 € por curso

Inscripcións no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.gal ou no teléfono 981 814 691.

Os grupos e horarios poderán sufrir cambios por cuestións organizativas.



Xuventude

CURSO DE MONITORADO DE TEMPO LIBRE 2024

■ Os concellos de Vedra e Boqueixón poñen en marcha un curso de Monitorado de actividades de Tempo Libre que se desenvolverá entre os meses de febreiro, marzo e abril de 2024.

O curso contará con 150 horas presencias, 50 en liña e 150 prácticas.

Horarios:

- As sesións presenciais serán de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 (en fins de semana e intensivo en Semana Santa).

- As sesións en liña contarán con traballos e tarefas a desenvolver.

Prezo:

- 200 € (o curso está subvencionado)

Requisitos:

- Maiores de 18 anos e título da ESO ou Bacharelato.

Para máis información e inscricións:

- 981 814 695 ou xuventude@concellodevedra.gal



CORRESPONDENTES XUVENÍS

■ A través do programa Correspondentes Xuvenís pretendemos contar cunha antena informativa no CPI Plurilingüe de Vedra, coa colaboración da ANPA deste centro.

O equipo de Correspondentes Xuvenís será alumnado que se responsabilice de recoller a información que se lles envíe desde a Dirección Xeral de Xuventude e a OMIX de Vedra, e de difundila entre o resto do alumnado do centro, contando co apoio do persoal municipal.

Os/as correspondentes terán as seguintes funcións:

- Difundir a información que reciban a través dos medios ao seu alcance: redes sociais, grupos de whatsapp, web do CPI, taboleiro informativo...
- Remitir a Xuventude información do seu centro

ou do seu concello que poida ser de interese para correspondentes doutros puntos de Galicia.

Beneficios para os/as correspondentes:

- Poderán participar nos Encontros de Correspondentes Xuvenís que se organicen ao longo do curso.
- Recoñeceráselles a súa participación cun Certificado de experiencias: Educación non formal en materia de Xuventude.
- Contarán con asesoramento para a posta en marcha do programa no seu centro educativo...

Se tes entre 12 e 16 anos, infórmate e participa!

Para máis información e inscricións: 981814695 ou xuventude@concellodevedra.gal

Deporte

RUTA BTT CICLOTURÍSTICA DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA O 4 DE FEBREIRO

Ribadourlla
CICLOESCUSA

**XIV BTT
CICLOTURISTA
DA CAMELIA
POLO VAL DO ULLA**

4 DE FEBREIRO 2024
9:00 VELÓDROMO DE VEDRA
INSCRIPCIÓN: 15€
RUTA CORTA: 38 KM (intermedia)
RUTA LARGA: 64 KM (media)
400 PLAZAS INSCRIPCIÓN CALITIMING.EE

ORGANIZA:
Concello de Vedra
Aula Mestre Manuel Gómez
Lorenzo, 1. Vedra
Tel 981 814 612
concello@concellodevedra.gal

COLABORA:
Ribadourlla
CICLOESCUSA


NOVA ETAPA DE SENDEIRISMO O SÁBADO 20 DE XANEIRO

■ O grupo de sendeiristas afronta con forza para a primeira andaina do ano. Será o sábado 20 de xaneiro e irá dende Carnota ata Muros, toda a ruta será polo camiño de pescadores, a carón do mar.

Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada no Breixo ás 7:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 7:55 horas.
- Última parada diante da oficina do BNG (Antiga Estación de Buses) ás 8:00 horas.

Se queres participar desta etapa chama ao 981 814 691 e infórmate antes do 15 de xaneiro.





PROGRAMACIÓN DE FORMACIÓN NA ESTACIÓN CURSO DE TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR (Dobre título, modalidade presencial)

■ Transporte escolar: 20 h.

Contidos: perfil profesional, ámbito educativo, recursos lúdicos e educativos, habilidades sociais, lexislación específica, prevención de riscos-situacións de emerxencia.

■ Comedor escolar: 40 h.

Contidos: perfil profesional, ámbito educativo, recursos lúdicos e educativos, habilidades sociais, avaliación e seguimento, manipulación de alimentos.

• Datos:

8, 9, 10, 11, 12, 15, 16, 17, 18, 19, 22, 23, 24, 25, 26 de xaneiro de 9:30 a 13:30 h.

• Duración: 60 horas.

• Lugar: Centro de Emprendemento A Estación.

• Prezo: 150 €

• Máis información e inscricións:

Centro de Emprendemento A Estación: 981 512 244 – aestacion@concellodevedra.gal



Servizos Sociais



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Liga de Brisca

Ao longo dos meses de xaneiro e febreiro.

Inscrición aberta ata o 10 de xaneiro. Inicio o 16 de xaneiro.

■ Exposición: “Experiencias do Voluntariado Interxeracional de Vedra”

Aberta entre o 10 e o 31 de xaneiro no Centro Social.

■ Bingo

Xoves 18 de xaneiro ás 20:00 h.

■ Teatro: “Un morto moi vivo”

Asociación Club de Maiores de Boqueixón. Domingo 21 de xaneiro ás 18:00 h.

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Xoves 25 de xaneiro.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 12 de xaneiro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).



Reunión de Nadal de persoas usuarias e familias de Agadea.



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).
2. Libre concorrência: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non



as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade.

As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030



SERVIZO DE LUDOTECA

■ Chega un novo ano e dende a Ludoteca queremos comezalo cargadiños/as de ilusións, comezaremos o ano escribindo a carta aos Reis.

Ao longo do mes de xaneiro comezaremos unha nova aventura a través do xogo.

- Para iso, realizaremos diferentes actividades, como localización temporal, xogos espazo-temporais, contacontos, elaboración de alimentos, decoración e moitas cousas máis.
- Festa de fin de ano!! Despide o ano con nós tomando as uvas!!
- Día da Paz. Contacontos e Xogamos en valores, iremos traballando o concepto da paz e os valores a través de varios contos recollidos no libro "Niños de valor".
- Super chef: Como tódolos meses, faremos un taller de cociña para chuparse os dedos! Facemos a nosa rosca de Reis!!!
- O profesor chifrado nos traerá de novo, un dos seus experimentos tan divertidos!!



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello
de Vedra

Muller



CURSO DE AUTODEFENSA COA FEGAMP

■ Dende a Área de Muller propónse esta actividade gratuíta para mulleres maiores de idade ou maiores de 16 coa autorización oportuna.

- **Datas:** o 16 e 18 de xaneiro.
- **Lugar:** Biblioteca Municipal.
- **Horario:** de 16 a 20 horas.

Inscripcións abertas ata o 10 de xaneiro ou ata cubrir aforo (prazas limitadas) nos teléfonos 981 814 693 - 699 04 14 86 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal



Pacto de Estado
contra la violencia de género



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Concello
de Vedra



XUNTA
DE GALICIA

AXENCIA MUNICIPAL PARA O VOLUNTARIADO E AS ASOCIACIÓNS

■ A Axencia Municipal para o voluntariado e as asociacións é un servizo de información, asesoramento e formación a disposición de todas as iniciativas socio-culturais que se poñan en marcha no noso concello.

QUE QUEREMOS?

- **DIFUNDIR E SENSIBILIZAR** entre a poboación en xeral, o valor do voluntariado como forma de participación social e exercicio de corresponsabilidade.
- **INFORMAR E ORIENTAR** sobre voluntariado: oportunidades e necesidades do mesmo, programas, recursos.
- **OFRECER SERVIZOS DE APOIO A ASOCIACIÓNS E VOLUNTARI@S:** documentación, formación e asesoría dirixida ás entidades e ás persoas voluntarias, para que consoliden a súa acción.
- **INTERMEDIAR** para potenciar os vínculos entre organizacións e posibles voluntari@s, aquí e en proxectos de voluntariado europeo.
- **FORTALECER O TECIDO ASOCIATIVO** das áreas nas que traballamos mediante a información e a formación coas asociacións culturais, de veciños, deportivas, de festexos...
- **IMPULSAR O TRABALLO EN REDE**, a nivel local e autonómico, de forma que se enriqueza a nosa práctica diaria e se fortaleza a acción.

QUE FACEMOS?

Se queres facerte voluntari@, agardámoste para:

- **INFORMARTE** das organizacións, dos programas e dos postos de voluntariado.
- **ASESORARTE** sobre os teus dereitos e deberes como voluntari@.

- **INTERMEDIAR** para potenciar os vínculos entre organizacións e posibles voluntari@s, aquí e en proxectos de voluntariado europeo.
- **FORMARTE** para comezar a túa labor de voluntariado.
- **ACOMPAÑARTE** na túa labor voluntaria.



Se sodes unha asociación, apoiámostos en:

- **DIFUNDIR** a información das vosas actividades.
- **DERIVARVOS** persoas voluntarias.
- **INFORMARVOS** de recursos e actividades.
- **ASESORARVOS** sobre temas de xestión e administración.
- **BUSCARVOS** espazos de coordinación.
- **FORMARVOS** nos temas que demandedes.

Ollo!, recorda:

- Se tes máis de 55 anos podes participar no programa de voluntariado senior "A Maiores"
- Se tes entre 16 e 30 anos, podes participar no programa de voluntariado xuvenil "Val do Ulla".

Máis información: voluntariado@concellodevedra.gal
Teléfonos 981 814695 - 981 814 691.

Iniciativas das Asociacións

VIII CARREIRA POR MONTAÑA A CAMELIA O 11 DE FEBREIRO DO 2024 CO CLUB VÉRTICE

■ Con moitas novidades para esta nova edición, con percorridos diferentes, cambios nas distancias,... Infórmate na web clubvertice.es



Á SOLIDARIEDADE VEDRESA

■ Pola súa resposta ás diferentes campañas propostas por distintos colectivos vedreses:

- As das Anpas do CEIP Ortigueira e do CPI Plurilingüe de Vedra, con máis de 20 kilos de roupa (sobre todo infantil) e un montón de xoguetes recollidos no mercadinho solidario ofertado polas e nas súas propias campañas, que xa foron entregados no Cottolengo de Santiago de Compostela.



- A Recollida de Xoguetes proposta polo CD San Mamede en colaboración co persoal sanitario do CHUS e coa Asociación ASANOG.

- A parroquia da Ulla que recolleu entre as súas persoas feligresas produtos de primeira necesidade que foron entregados no Cottolengo de Santiago de Compostela.

Á VECIÑANZA VEDRESA

■ Pois este nadal encheron o municipio da alegría navideña coas súas decoracións e alumeados que ano a ano se van superando en orixinalidade e distinción!!



Vedra Festeira

FESTAS PATRONAIS EN SAN XIÁN DE SALES

- Día 5 de xaneiro na honra a San Sebastián, con misa solemne ás 13 h.
- Día 6 de xaneiro na honra á Vir-

xe das Dores, con misa solemne ás 13 h.

- Día 7 de xaneiro na honra á San Xulián, con misa somene ás 13 h.

AOS JUDOCAS XAVIER NEIRA NEIRA E ENZO MARTÍNEZ

■ Judocas veciños de San Miguel de Sarandón que conseguiron respectivamente as medallas de ouro e bronce no podio da Liga Galicia Rías Altas de Judo.



Xabier Neira



Enzo Martínez

Á GANADERÍA TALLÓN LOBATO DE VILANOVA

■ Polo seu recoñecemento na VII Edición dos Premios Exceleite 2023 da Xunta de Galicia como mellor ganadería extensiva de mediano tamaño, que buscan poñer en valor ás ganaderías máis comprometidas co seu traballo e pola tanto coa calidade da leite que producen. Un galardón que non chega por primeira vez, resultado do seu bo facer



SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ Festa das Candeas en Santa Cruz de Ribadulla.

- Domingo 28 de xaneiro.

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS